

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/10/2018 13:21:54

SAIDA 12510/18

Valedor
Pobo

Sr. alcalde-presidente do Concello da Laracha
Avenida Finisterre – Toras
15145 - A LARACHA (A Coruña)

Expediente: X.3.Q/18730/18

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario La Voz de Galicia o día 3 de outubro en relación con ataques homófobos producidos nunha vivenda en un local de hostelería de Paiosaco, na parroquia de Lestón. Na noticia sinalase esencialmente que o propietario foi obxecto de pintadas insultantes na fachada do seu bar restaurante e na casa da súa avoa, á carón do local.

Esta institución ten, entre as súas facultades, unha esencial función de pedagogía de dereitos. Pero, ademais, a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, na súa disposición derradeira segunda recolle unha serie de facultades do Valedor do Pobo, que queda constituída como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público coma no privado, mediante o exercicio das seguintes funcións:

1. Prestar apoio ás persoas que puidesen ter sufrido discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións.
2. Constituírse, co consentimento expreso das partes, en órgano de mediación ou conciliación entre elas, en relación con violacións do dereito de igualdade de trato e non discriminación, agás as que teñan contido penal ou laboral.
3. Iniciar de oficio ou por instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia, agás coas que revistan carácter de infracción penal, en cuxo caso deberá remitir o investigado á Fiscalía ou á autoridade xudicial.


4. Instar a actuación das administracións públicas que correspondan para sancionar as accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción administrativa en materia de igualdade de trato e non discriminación.

5. Colaborar co Defensor del Pueblo e coas institucións e organismos públicos equivalentes doutras comunidades autónomas e internacionais.

No suposto mencionado nesta investigación de oficio, o propietario do negocio foi vítima dun ataque absolutamente inxustificado na súa intimidade persoal e de danos materiais no seu local e vivenda. Entendemos que esa administración local debe poñer todos os medios para esclarecer a autoría dos feitos e determinar, no seu caso, a natureza desa acción sancionable.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, no caso de confirmarse; sobre se foron adoptadas medidas para evitar que se repitan unha clara violación dos dereitos fundamentais deste veciño por motivos homófobos inaceptables na nosa sociedade; sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán, no caso de confirmarse a reiteración dos ataques ao día seguinte; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e , saúdoo atentamente.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo